

**(r)**

⇒ ***Corporizar el pensamiento. Escrituras y lecturas del cuerpo en la cultura occidental***

Meri Torras (ed.)

Vilagarcía de Arousa, Mirabel, 2006

O corpo é o territorio grande da construción dos xéneros, das miradas especulares que xestionan o desexo, o espazo da doma e a domesticación, a material na que exercer o control, o sometemento e o castigo, punto de partida para a taxonomía científica, da explicitación do abxecto, da inmovilización do etnográfico e da visibilización dos cárceres do xénero. O corpo é un campo de batalla, como escribiu en letras grandes a artista norteamericana Barbara Kruger e se lembra neste libro. Éo aínda máis neste occidente alicerzado na dualidade que explicita o cristianismo e refuta por vía científica o cartesianismo, un pensamento que tanto nos marca aínda. As teorías feministas, os *queer studies*, e, de maneira singular, o pensamento de Judith Butler, supuxeron unha inflexión nos corpos instituídos, que veñen ocupando as revisións subversivas do xénero, polo menos desde a década de 1970. O corpo ocupa, xa que logo, un lugar central na investigación e nos discursos feministas e do xénero, até o punto de converterse en agra tópica.

Neste *Corporizar el pensamiento* recóllense as intervencións nun seminario que se celebrou na UAB no ano 2005 e no que se procuraba alcanzar na investigación sobre as actuais marxes dos discursos sobre corpo, aqueles corpos non tópicos, tampouco para os pensamentos situados na encrucillada do xénero, e que non aparecían nos manuais ao uso. O resultado é unha recompilación estimulante e orixinal na que se actualiza e problematiza o tema de xeito pluridisciplinar, desde as artes, a teoría, os discursos científico e relixioso, a literatura, as artes emerxentes (o videoclip) e mesmo deportes tan connotados como o culturismo.

Jesús Adrián abre o libro cun breve percorrido pola concepción do corpo na filosofía occidental que remata nas aportacións das teorías feministas e a teoría *queer* e as súas concepcións non domesticadas. Neste senso salienta dúas aportacións sobranceiras: a de Judith Butler e mais a da arte feminista, que contribuíron a problematizar o corpo fóra da dualidade cartesiana e levaron as dicotomías simples a un espazo de resignificación. Ao seu ver a fotografía xogou un papel moi destacado. Nos seus comezos esta arte visual estivo ao servizo da documentación do discurso científico médico ou da mirada etnográfica. Retratou –e estigmatizou– os corpos subalternos, por colonizados ou por pobres, por exóticos ou diferentes.

Porén esta mirada aparentemente obxectiva resulta ser a que mellor axuda a desvelar, a testemuñar, as visións comprometidas do corpo: “La fotografía, más allá de presentar una toma parcial de la realidad y de la manipulación a la que está expuesta, tiene una enorme capacidad para desenmascarar la realidad oculta de la sociedad”. E por iso, explica Adrián, tivo tanto éxito na arte feminista.

Se o discurso científico configurou e inmovilizou unha visión sobre o corpo, o discurso relixioso foi, xa desde antes, un mediador fundamental. María José Vega trata un tema tabú: a visión do corpo agónico e a morte en tratados relixiosos e médicos de finais da Idade Media e o Renacemento. Nun artigo moi documentado demostra que a dualidade corpo/espírito é o fundamento dos tratados sobre a agonía, un período de tránsito no que o ser abandona o soporte corporal e que aparece perfectamente tipificado neses textos. No seu artigo Iveta Nackládlová abunda nesta dicotomía corpo-espírito que desenvolve o discurso cristián do Renacemento, unha coxuntura na que abundará tamén Antonio Penedo na súa intervención, pero situándose xa na coxuntura actual.

Pau Pitarch, pola súa banda, gran coñecedor da literatura de entreséculos (finais do XIX e comezos do XX), ofrece unha mirada orixinal, estimulante e nada tópica sobre a representación dos corpos non fermosos deste período, como corpos dexenerados, decadentes e enfermos, poñendo en relación a sensibilidade coa ideoloxía. A partir do estudo da obra de Max Nodau, médico e escritor, profunda na convicción que este tiña de que non só os delincuentes, tolos e prostitutas son exemplos claros dos corpos dexenerados senón tamén outras profesións caracterizadas pola sensibilidade e a emotividade esaxerada, coma os artistas. A súa análise complétase cunha relectura de Nietzsche, quen desenvolve o concepto de decadencia, e a partir dunha monografía do ensaísta aragonés José María Llanas Aguilianedo, estuda o emotivismo. Pola súa banda, Isabel Clúa, que tamén se interesa pola obra narrativa deste escritor, en concreto por *Del jardín del amor* (1902), así como outras obras dese período asinadas por Pardo Bazán, Gabriel Miró e Gómez de la Serna, abre a súa intervención co paradoxal interese de Descartes pola figura autómatas (o corpo que non pensa, logo...). Clúa revisa algunhas figuracións femininas de entreséculos como exemplo de corpos artificiais que constitúen un elo entre ese Descartes e as figuracións cibernéticas de Donna Haraway. Tamén nesa conxuntura entre a ciencia e a ideoloxía desenvolve a súa esculca Teresa Cabruja, que retoma e actualiza desde o discurso das chamadas ciencias psi, a cuestión da subxectividade, o xénero, a sexualidade e mais o corpo, tomando como corpus desde manifestacións literarias deica textos testemuñais que poñen de manifesto vivencias marxinais ou fronteirizas do corpo. Unha mirada crítica e comprometida ás ciencias médicas que narran subxectividades en tránsito e abala con fluidez entre a teoría e a representación, que inclúen desde os casos representados na literatura até os casos estudados cientificamente.

Ademais destas esculcas entre a literatura e os discursos científicos, o corpo ocupa un lugar protagónico noutros discursos do popular, que nos configuran. Así Beatriz Ferrús abunda na representación e concepción da feminidade, aínda fortemente connotada, no discurso culturista actual, en canto que transgresión musculada do corpo normativo fixado e aceptado para as mulleres. E Sara Martín Alegre analiza o emprego que se fai no videoclip musical do corpo das mulleres. Pola súa banda, María Ruido, recunca na súa análise dos corpos das mulleres como corpos (re)produtores desde as cadeas fordistas deica as actuais concepcións do traballo-familia. Para exemplificar a súa esculca social, toma como exemplo a arte o cinema militante feminista, singularmente a obra de Chantal Akerman, Ursula Biemann e Precarias a la Deriva, opoñéndoo a outro cinema comprometido actual no que a representación do traballo segue ignorando o traballo feminino. No libro inclúese, ademais, o texto do taller “Sexo/género en la Frontera” de Fractalitats en Investigación Crítica.

*Corporizar el pensamiento* reúne un ramallete de propostas que abren rodeiras investigadoras novas. Coxunturas teóricas que se afastan dos manuais feministas e *queer* aprendidos e que ofrecen análises actualizadas do corpo, que tamén no terceiro milenio seguen sendo un campo de batalla.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
**Universitat de Barcelona**